

Organismo: DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS – Servizo de Primaria

Orde do 15 de xuño de 2009, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se ditan normas para a adxudicación de destino provisional para o próximo curso académico 2009-2010 ao persoal do corpo de mestres que non teña destino definitivo, ao que resulte desprazado por falta de horario, ao que se lle conceda unha comisión de servizos por concelleiro ou concelleira, por motivos de saúde ou por conciliación da vida familiar e laboral, ao persoal opositor do ano 2009, e o persoal interino ou substituto do corpo de mestres e o que solicite o reingreso no servizo activo.

TEXTO:

Coa finalidade de adxudicar destino provisional para o curso académico 2009-2010 ao persoal do corpo de mestres sen destino definitivo, ao persoal do corpo de mestres desprazado por falta de horario, e ao que se lle conceda unha comisión de servizos por concelleiro ou concelleira, por motivos de saúde e por conciliación da vida familiar e laboral, ao persoal opositor do ano 2009 e o persoal interino ou substituto do corpo de mestres e ao que solicite o reingreso no servizo activo, convócase o presente concurso coas seguintes bases:

Primeira.- Obxecto

Convócase concurso, de acordo coas especificacións que se citan na presente resolución, para a provisión de necesidades de profesorado para o curso académico 2009-2010 nos centros que se relacionan no anexo desta resolución, entre o persoal do

corpo de mestres que está obrigado a participar, conforme ao previsto na base segunda da presente orde.

Segunda.- Obrigatoriedade de participación.

Está obrigado a participar neste concurso:

- a) O profesorado que teña concedida unha comisión de servizos por razóns de saúde, pola situación persoal do propio docente.
- b) O profesorado que teña concedida unha comisión de servizos por razóns da saúde, pola situación persoal dun familiar.
- c) O profesorado desprazado por falta de horario e o profesorado suprimido. Considérase que un profesor ou profesora non ten horario no seu centro cando non dispón de ningunha hora da súa especialidade.
- d) O profesorado que teña que reincorporarse á Comunidade Autónoma procedente do estranxeiro.
- e) O profesorado que teña dereito a que se lle conceda unha comisión de servizos por concelleiro ou concelleira.
- f) O profesorado que teña concedida unha comisión de servizos por razón de conciliación da vida familiar e laboral.
- g) O persoal do corpo de mestres en situación de expectativa de destino que non obtivo o primeiro destino definitivo, que se ordenará por anos de celebración do concurso-oposición, e dentro de cada concurso-oposición polo número de orde obtido nel.

- h) O profesorado que solicite o reingreso ao servizo activo con efectividade do inicio do curso académico 2009-2010.
- i) As opositoras e opositores que superen o procedemento selectivo para ingreso no corpo de mestres, convocado pola Orde do 8 de maio de 2009, pola orde obtida no procedemento selectivo, en virtude das relacións expostas polas comisións de selección.
- j) O profesorado interino e substituto, pola mesma orde que elixeu no curso académico 2008/2009.

Ao persoal que se lle concedera unha comisión de servizos por razón de saúde ou de conciliación da vida familiar e laboral deberá pedir, en primeiro lugar e na mesma orde, os centros demandados na solicitude de comisión de servizos.

Terceira.- Desprazados por falta de horario

1.- Estarán obrigados a participar neste concurso, nas especialidades para as que estea habilitado, e a prazas da súa localidade ou zona educativa:

O persoal funcionario de carreira do corpo de mestres que, tendo destino definitivo, deba ser desprazado por falta de horario no seu centro de destino, no curso académico 2009-2010.

2) Ao persoal funcionario de carreira do corpo de mestres que estando obrigado, non participe neste concurso, a dirección xeral de centros e recursos humanos, adxudicarlle de oficio destino provisional para o curso académico 2009-2010 nun centro da localidade ou zona educativa na que está destinado definitivamente.

3) Quedarán exentos de participar obrigatoriamente polo punto 1 desta base o persoal do corpo de mestres que participe polo punto cuarto.

4.- Poderá participar voluntariamente neste concurso, a prazas da especialidades para as que estea habilitado, e da localidade ou localidades que elixa, o persoal funcionario de carreira do corpo de mestres que, tendo destino definitivo, poida ser desprazado por falta de horario no seu centro de destino, no curso académico 2009-2010.

5.- A Administración educativa comunicarlles aos centros educativos e ao persoal interesado, incluído o dos centros públicos integrados e institutos de educación secundaria, con anterioridade ao 25 de xuño de 2009, o número de mestras e mestres e de que especialidade non van a ter horario no próximo curso académico. Asemade, a Inspección educativa remitirá copia desta información á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.

6.- Na adxudicación do persoal desprazado por falta de horario terá dereito preferente o persoal desprazado da localidade, desempatando a maior antigüidade no corpo, a maior antigüidade no centro e a maior puntuación no proceso selectivo polo que accederon ao corpo, sucesivamente. Estes criterios aplicáranse tamén entre estes participantes que non exerzan o dereito preferente.

7.- O persoal do corpo de mestres desprazado por falta de horario participará obrigatoriamente no próximo concurso de traslados que se convoque cos dereitos outorgados ao profesorado suprimido.

Cuarta.- Prazas que poden solicitarse.

O persoal do corpo de mestres poderá solicitar as seguintes prazas, de acordo coas especificacións que se conteñen nesta base:

- a) As correspondentes ás especialidades para as que estea habilitado, para os centros e localidades que figuran no anexo desta orde. Os códigos das especialidades son os seguintes:

Código	Especialidade
31	Educación Infantil
32	Filoloxía e lingua estranxeira: inglés
33	Filoloxía e lingua estranxeira: francés
34	Educación Física
35	Educación Musical
36	Pedagogía Terapéutica
37	Audición e Linguaxe
38	Educación Primaria
60	Pedagogía Terapéutica, ESO
61	Audición e Linguaxe, ESO
63	Prazas de PT e ocio nas Escolas Fogar ou CEE
64	Prazas de EP e ocio nas Escolas Fogar ou CEE

A estes efectos enténdese que todo o persoal do corpo de mestres en expectativa de destino posúe a especialidade de “primaria”.

b) Ademais, poderán solicitar as vacantes dos departamentos de orientación (código 39), que se adxudicarán dando prioridade as/aos mestras/mestres que estean en posesión da titulación de psicopedagogía, ou en psicoloxía, ou en filosofía e ciencias da educación (especialidades de psicoloxía ou ciencias da educación) ou en filosofía e letras (especialidades de pedagogía ou psicoloxía), conforme prescribe o artigo 4.a) do Decreto 120/1998, polo que se regula a orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia.

c) De acordo co preceptuado na disposición transitoria primeira da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, o persoal do corpo de mestres que ao 24 de maio de 2006 tiveran destino definitivo nunha praza do primeiro e segundo curso da educación secundaria obrigatoria, poderán solicitar, ademais, as prazas correspondentes ás especialidades para as que estean habilitados, para os centros públicos integrados e institutos de educación secundaria que figuran no anexo desta resolución e para as especialidades:

21	Ciencias Sociais- Xeografía e Historia
22	Ciencias da Natureza
23	Matemáticas
24	Lingua Castelá
25	Filoloxía e Lingua Estranxeira: Inglés
26	Filoloxía e Lingua Estranxeira: Francés
27	Educación Física
28	Educación Musical
60	Pedagogía Terapéutica, ESO
61	Audición e Linguaxe, ESO
67	Lingua Galega

Ademáis, o profesorado das especialidades de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe poderán solicitar, en calquera caso as especialidades 60 ou 61 respectivamente.

- d) As opositoras e opositores que superen o procedemento selectivo convocado pola Orde do 8 de maio de 2009 unicamente poderán solicitar prazas da especialidade pola que acceden e dos departamentos de orientación.
- e) O persoal do corpo de mestres interino e substituto unicamente poderá solicitar prazas da especialidade correspondente á lista na que figura e de “primaria”, sempre que accedera á primeira interinidade ou substitución con anterioridade ao 31 de agosto de 2008.
- f) O persoal do corpo de mestres interino e substituto que accedera a primeira interinidade ou substitución con posterioridade ao 31 de agosto de 2008 unicamente poderá solicitar prazas da especialidade correspondente á lista na que figura.

Quinta.- Solicitud de centros e/ou localidades e procedemento de adxudicación.

O persoal do corpo de mestres poderá solicitar centros e/ou localidades de calquera provincia aínda que non teña solicitado o traslado do expediente, indicando se desexan impartir áreas afíns e/ou itinerancia.

No caso de solicitar centros, e de existir nos mesmos máis dunha vacante da mesma especialidade, unha delas cun horario completo e outra para completar con áreas afíns, adxudicarase en primeiro lugar a praza ou prazas que teñan horario completo da especialidade pola que se participa.

No caso de solicitar localidade entenderase que solicitan todos os centros da localidade incluídos no anexo desta orde, pola orde en que aparecen no referido anexo. No caso de que soliciten localidade con itinerante e/ou afíns, entenderase que solicitan con prioridade todos os centros desta sen itinerancia, sen afíns e posteriormente con itinerancia e/ou afíns, polo que a orde de adxudicación sería a seguinte:

1. Vacantes de todos os centros desa localidade, coa ordenación do anexo da convocatoria, e dentro de cada un deles, de todas as especialidades posibles, sen afíns e sen itinerancia.
2. Vacantes coas mesmas condicións, con afíns e que non sexan itinerantes.
3. Vacantes coas mesmas condicións sen afíns e que sexan itinerantes.
4. Vacantes coas mesmas condicións con afíns e que sexan itinerantes.

No caso de non consignar coa petición o código da especialidade, a adxudicación farase pola orde en que o ou a participante o manifestou na súa solicitude de participación.

Sexta.- Orde de adxudicación

1.- A orde de adxudicación dos destinos provisionais será por colectivos preferentes, conforme o previsto na base segunda, sen prexuízo dos dereitos preferentes a centro, localidade e zona educativa, regulados na presente resolución.

2.- Na adxudicación de prazas ao persoal do corpo de mestres en comisión de servizos por razóns de saúde, os criterios de prioridade veñen determinados pola maior antigüidade no corpo, a maior antigüidade no centro e a maior puntuación no proceso selectivo, sucesivamente.

3.- Na adxudicación de prazas ao persoal do corpo de mestres en comisión de servizos por razón de conciliación da vida familiar e laboral a prioridade virá determinada polo número de fillas e fillos menores de 10 anos e, no caso do mesmo número, pola antigüidade como funcionaria ou funcionario de carreira no corpo, e antigüidade no centro e puntuación na oposición, sucesivamente.

Cando ao persoal do corpo de mestres ao que se lle concedeu unha comisión de servizos non lle corresponda ningunha das prazas solicitadas participará na adxudicación de destinos pola orde que lle corresponda dentro do seu colectivo.

4.- Ao profesorado en expectativa de destino que accedeu ao corpo con anterioridade ao ano 2008 adxudicáraselle destino en calquera das especialidades das que sexan titulares pola orde que se establece na base segunda , apartado g) da presente resolución.

5.- Ao profesorado en expectativa de destino que accedeu ao corpo de mestres no procedemento selectivo convocado no ano 2008 adxudicáraselle destino do seguinte xeito:

a) En primeiro lugar, ao persoal do corpo de mestres que accedeu pola especialidade de “primaria” e exclusivamente en prazas desta especialidade.

b) En segundo lugar, ao persoal do corpo de mestres que accedeu por outra especialidade distinta da de “primaria”, en calquera das especialidades das que sexan titulares, incluída “primaria”, polo número de orde obtido no concurso-oposición.

Sétima- Dereito preferente a centro.

Terán dereito preferente a centro:

a) As mestras e mestres suprimidos, ás prazas do centro no que tiñan destino definitivo.

b) As concelleiras e concelleiros, ao centro no que prestaban servizos no momento no que resultaron elixidas ou elixidos.

Oitava.- Dereito preferente a localidade

Terán dereito preferente a localidade:

a) As mestras e mestres desprazadas ou desprazados por falta de horario.

b) O profesorado suprimido, á localidade na que prestaban servizos no momento da supresión.

c) O profesorado procedente do estranxeiro, ás prazas da localidade na que estaban destinados no momento de obter prazas no estranxeiro.

- d) As concelleiras e concelleiros, á localidade na que prestaban servizos no momento no que resultaron elixidas ou elixidos, sempre que non poidan facer efectivo o dereito preferente a centro.

Novena.- Dereito preferente a zona educativa.

- a) As mestras e mestres desprazadas ou desprazados por falta de horario.
- b) O profesorado suprimido, á zona educativa na que prestaban servizos no momento da supresión.
- c) O profesorado procedente do estranxeiro, ás prazas da zona educativa na que estaban destinados no momento de obter prazas no estranxeiro.

Décima.- Adxudicación de vacantes itinerantes.

As vacantes itinerantes só se adxudicarán ao persoal elector que solicite explicitamente vacantes deste tipo.

Décimo primeira.- Adxudicación de vacantes con afíns

As vacantes con afíns adxudicaráselle só ao persoal elector que solicite explicitamente vacantes deste tipo agás nas quendas de oficio en que poden ser adxudicadas a calquera elector aínda sen colocar.

Décimo segunda.- Adxudicación de destino de oficio

Adxudicarase destino de oficio a todo o persoal participante que non acade destino de entre os solicitados, agás ós solicitantes que deixen resulta, e a todos aqueles

que tendo a obriga de participar neste concurso non o fixesen. Non se adxudicará destino de oficio ao persoal do corpo de mestres interino ou substituto.

No caso do persoal do corpo de mestres suprimido e desprazado por falta de horario que exerza o dereito preferente e non obteña destino, por non existir vacante, adxudicáraselles un posto como substituto de zona, co fin de que non sexa desprazado da zona educativa na que se encontra o centro do seu destino definitivo de referencia, de acordo co establecido no Decreto 140/2006, do 31 de agosto.

Ao profesorado en expectativa de destino adxudicáraselle destino de oficio en calquera das especialidades das que sexa titular. Ao persoal opositor de 2009 adxudicáraselle destino de oficio na súa especialidade, pola orde na que figura o profesorado dentro do seu colectivo. A adxudicación realizarase á primeira vacante libre, pola orde na que os centros figuran no anexo desta orde, tendo en conta a priorización, se é o caso, de provincias feita polo participante.

Cando non exista vacante da súa especialidade, ao profesorado en expectativa de destino e ao persoal opositor do 2009 adxudicáraselle destino de oficio noutra especialidade da que non son titulares, agás en idioma estranxeiro inglés, a non ser que o solicite o participante, e orientación. A adxudicación realizarase unha vez adxudicado o profesorado en expectativa e opositores do 2009 das especialidades correspondentes, pola orde da lista única e dando prioridade ás peticións de centro, feitas polo participante, sobre a de especialidade.

Así mesmo as vacantes itinerantes e de ocio non se lles adxudicará de oficio a ningún participante.

Décimo terceira.- Forma de efectuar a solicitude e presentación da mesma.

1.- A solicitude de destinos farase a través de internet, empregando o portal educativo no enderezo: www.edu.xunta.es/cadp. Lémbrese que para acceder a este servizo web é preciso ter conta de correo electrónico no dominio edu.xunta.es polo que se urxe a quen non a teña proceda a solicitala polos medios actuais (solicitude a través do secretario do centro actual á UAC no 902905445). Deberá terse en conta que unha solicitude anula ou modifica a anterior na aplicación informática, polo que sempre será obxecto de tratamento informático a última solicitude realizada na web dentro de prazo.

2.- O profesorado que solicite prazas do departamento de orientación e posúa algunha das titulacións sinaladas na base cuarta desta convocatoria, deberán remitir unha fotocopia compulsada da referida titulación, sempre que non a presentaran o curso pasado ou no procedemento selectivo do ano 2009.

3.- A solicitude servirá para vindeiras convocatorias conservando as peticións sen que teña que facer nova solicitude, no caso de que lle interese.

4.- O persoal do corpo de mestres interino e substituto que supere os procedementos selectivos convocados noutra comunidade autónoma comunicará a dita circunstancia á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos para os efectos da súa exclusión na adxudicación de destinos provisionais.

Décimo cuarta.- Solicitudes exercendo o dereito preferente

O persoal afectado que desexe exercer o dereito preferente está obrigado a facer constar nas peticións, en primeiro lugar, o centro, a localidade e a zona do seu ámbito de dereito preferente, colocando tamén en primeiro lugar as peticións para as que está habilitado, e por último as restantes, tendo en conta que se poderán adxudicar a este colectivo prazas de educación infantil, educación musical, filloxía francesa e de educación física, neste último caso se non teñen cumpridos os 55 anos no día 1 de setembro de 2009. Despois de solicitar as prazas de dereito preferente poderán pedirse outras prazas de localidades ou zona distintas.

Décimo quinta.- Prazo de cumprimentación da instancia na web.

1.- Para o profesorado suprimido, desprazado por falta de horario, concelleiros, procedentes do estranxeiro, peticionarios de reingreso e en expectativa de destino, interinos e substitutos, o prazo será de vinte días naturais contados a partir da publicación da presente orde no Diario Oficial de Galicia.

2.- Para os opositores que superen o procedemento selectivo convocado pola Orde do 8 de maio de 2009, o prazo será de cinco días naturais contados desde o seguinte ao da publicación da lista de aprobados pola comisión de selección.

3.- As persoas ás que se lles conceda unha comisión de servizos por motivos de saúde ou de conciliación familiar, realizarán a solicitude no prazo de cinco días desde que se notifique a concesión da comisión. A petición de prazas deberá coincidir coa realizada previamente na solicitude de comisión de servizos.

Décimo sexta.- Profesorado que non ten que cumprimentar nova instancia na web.

1.- Non terán que cumprimentar solicitude, agás que queiran efectuar unha nova solicitude ou modificar a realizada para a convocatoria do curso académico anterior:

a) O profesorado que estaba desprazado por falta de horario no curso 2008-2009 e continúe como desprazado no curso académico 2009-2010.

b) O profesorado que estaba suprimido.

c) O profesorado en expectativa de destino.

d) O persoal opositor que superou o procedemento selectivo no ano 2008.

e) O profesorado interino e substituto que prestou servizos con anterioridade ao 30 de xuño de 2008.

2.- Non poderán participar neste concurso o profesorado que teña concedida unha comisión de servizos, agás nos supostos recollidos na base segunda da presente convocatoria.

Décimo sétima.- Petición de prestar servizos nunha ou varias provincias

O profesorado interino e substituto que non obteña praza nesta adxudicación poderá acollerse a prestar servizos como interino ou substituto nunha ou varias provincias, sen perda da orde da lista, a través da aplicación informática que xestiona a cobertura das substitucións, no prazo que se estableza a través da páxina web. O que non efectúe opción enténdese que desexa prestar servizos en todas as provincias da comunidade autónoma.

Décimo oitava.- Obtención de destino nunha especialidade para a que non se está habilitado.

Con posterioridade á resolución definitiva dos destinos provisionais, ao profesorado interino que, solicitando todas as prazas da súa especialidade, non lles corresponda praza, adxudicaráselles voluntariamente praza noutra especialidade, se existise vacante, unha vez colocados todos os colectivos sinalados na base segunda desta orde, agás nas especialidades de Filoloxía e lingua estranxeira: inglés, Filoloxía e lingua estranxeira: francés, Pedagogía terapéutica e Audición e linguaxe.

Ao profesorado substituto unicamente poderá adxudicárselle praza da súa especialidade.

Décimo novena.- Publicación das listas de participantes e das vacantes

1.- Coa entrada en vigor desta orde, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos procederá a publicar as relacións de persoal agrupados por colectivos coas especialidades que teñen recoñecidas nos departamentos territoriais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e na páxina web da consellería. Os interesados terán un prazo de dez días naturais para formular as reclamacións que entendan oportunas.

2.- Antes do 10 de xullo de 2009, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos procederá a publicar as vacantes provisionais que se ofertan neste concurso, reflectindo o seu perfil. O persoal interesado terá un prazo de cinco días naturais para formular as reclamacións que entendan oportunas.

3.- Ademais das vacantes publicadas, adxudicaranse as resultas, se é o caso, que se produzan como consecuencia da adxudicación de destinos polas comisións de servizos por motivos de saúde, conciliación familiar e concelleiros. Consecuentemente, os centros e os departamentos territoriais non solicitarán as prazas destas comisións de servizos.

Vixésima.- Resolución provisional

1.- Unha vez rematado o prazo de solicitudes das opositoras e opositores, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos procederá á adxudicación de destinos e fará pública a resolución provisoria do concurso na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nos seus departamentos territoriais e na páxina web.

Dita resolución farase pública o día 30 de xullo de 2009.

2.- As/os concursantes poderán presentar reclamacións á resolución provisoria, no prazo de tres días hábiles desde a súa publicación, perante a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.

Vixésimo primeira.- Renuncias á resolución provisional.

O persoal interino e substituto do corpo de mestres que estea nunha situación das que se relacionan a continuación, poderán renunciar á resolución provisional, sen que se admitan renuncias parciais.

- Atender o coidado dunha/dun filla/fillo menor de seis anos, tanto cando o sexa por natureza como por adopción ou acollemento permanente ou preadoptivo.
- Para atender o coidado dun familiar que teña ao seu cargo, ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, que, por razóns de idade, accidente ou enfermidade, non poida valerse por si mesmo e non desempeñe actividade retribuída.
- Por enfermidade grave.
- Por ter concedida unha bolsa de estudos.
- Por ampliación de estudos. Enténdese que hai ampliación de estudos cando se realiza o doutoramento ou estudos para obter un título superior ou unha diplomatura distinta da que se posúe, así como a formación no estranxeiro nas linguas ou nas ensinanzas de réxime especial.
- Por ser vítima de violencia de xénero.
- Por calquera das circunstancias que permite aos funcionarios públicos a concesión dos servizos especiais.

De serlle adxudicada a praza definitiva, non poderán acollerse a non prestar servizos mantendo o número de orde na lista correspondente, agás que esta petición se formule por unha situación sobrevida á resolución definitiva do presente concurso.

Sen prexuízo do anterior a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos poderá dar de baixa a algunha persoa na relación de adxudicatarios de praza, se deixase de reunir os requisitos para manterse nela, de oficio ou por instancia da parte interesada, logo de audiencia da interesada ou interesado.

Vixésimo segunda- Resolución definitiva.

Resoltas as reclamacións presentadas, procederase a efectuar a resolución definitiva que se publicará nos mesmos lugares que a resolución provisional e no Diario Oficial de Galicia. Dita resolución farase pública o día 28 de agosto de 2009.

Vixésima terceira.- Efectividade da toma de posesión

Os efectos da toma de posesión dos destinos adxudicados será a do 1 de setembro de 2009.

Vixésima cuarta.- Inclusión nas listas para interinidades e/ou substitucións

Ao persoal participante no procedemento selectivo convocado pola Orde do 8 de maio de 2009, que non estea incluído nas listas das e dos aspirantes que superaron este, nin na letra j) da base segunda da presente resolución serán incluídos nas relacións de aspirantes para desempeñar prazas de interinidades ou substitucións, na especialidade pola que se presentaron sempre que superen a proba ou estean en posesión da titulación que se relaciona para cada especialidade no anexo II.

Santiago de Compostela, 15 de xuño de 2009

CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Jesús Vázquez Abad

ANEXO II

Especialidades	Titulación
Educación Infantil	Mestra/Mestre.- Especialidade de Educación Infantil Profesora/Profesor de Educación Xeral Básica, especialidade Preescolar.
Filoloxía e lingua estranxeira: inglés	Mestra/Mestre.- Especialidade de Lingua estranxeira Profesora/Profesor de Educación Xeral Básica: especialidade en Lingua Española e Idioma Moderno Licenciada/o en filoloxía inglesa, ou ter superados os tres primeiros cursos desta licenciatura.
Filoloxía e lingua estranxeira: francés	Mestra/Mestre.- Especialidade de Lingua estranxeira Profesora/Profesor de Educación Xeral Básica: especialidade en Lingua Española e Idioma Moderno Licenciado en filoloxía francesa, ou ter superados os tres primeiros cursos desta licenciatura.
Educación Física	Mestra/Mestre.- especialidade de educación física Profesor de Educación Xeral Básica, especialidade de educación física Licenciada/o do INEF, ou ter superados os tres primeiros cursos desta licenciatura.
Educación Musical	Mestra/Mestre.- especialidade de educación musical Título de grao medio ou superior dos conservatorios de música.
Pedagogía Terapéutica	Mestra/Mestre.- Especialidade de educación especial Profesora/Profesor de Educación Xeral Básica, especialidade de Educación Especial Licenciada/o en Pedagogía e homologados. Licenciada/o en Psicopedagogía
Audición e Linguaxe	Mestra/Mestre, especialidade en Audición e Linguaxe
Educación Primaria	Mestra/Mestre.- especialidade de educación primaria Profesora/Profesor de Educación Xeral Básica, especialidade de educación primaria Mestra: especialidade de matemáticas, ciencias naturais, ciencias sociais ou filoloxía francesa.